

ACTO APERTURA PÚBLICA SOBRE B

EXPEDIENTE PTG 3/2018

Contratación das obras de reparación, acondicionamento e reestruturación no contorno da piscina do Parque Tecnolóxico de Galicia.

Motivo da reunión: acto de apertura de sobres B e nomeamento comité de valoración técnica.

Lugar da reunión: Sala de Consellos do Edificio CEI do Parque Tecnolóxico de Galicia.

Data e hora da reunión: 19 de xullo de 2018, ás 10.00 horas.

Membros da mesa de contratación presentes na reunión:

- Presidenta: Sabela Bouzo Estévez (actúa como presidenta suplente do titular Ricardo Capilla Pueyo)

- Secretaria: Noemí Lorenzo Carbajales

- Vogais: M^a Luisa Pena Nieto, Beatriz González-Tejada Jácome, Carlos Pérez Ramos e Rogelio Solarat López (este último actúa como vogal suplente da titular Beatriz Monfort Liniers)

Empresas asistentes en este acto: Non houbo asistencia.

Primeiro.- Reconto das propostas presentadas e propostas admitidas e rexeitadas.

As proposicións recibidas en prazo foron das entidades as seguintes:

| Nome do licitador |
|---|
| COPCISA, S.A. |
| Construcciones y Proyectos Lorenzo S.L. |
| Desarrolla Obras y Servicios S.L. |
| Covisam Norte S.L. |

Unha vez revisados os contidos dos sobres A de documentación administrativa, e recibidas en prazo as subsanacións requiridas ás empresas Covisam Norte S.L. e Construcciones y Proyectos Lorenzo S.L., a Mesa acordou admitir todas as propostas presentadas.

Sexto.- Apertura dos sobres B.

A secretaria abre os sobres B e compróbase que os soportes electrónicos conteñen inicialmente a documentación técnica solicitada nos Pregos sen prexuízo da valoración que faga o comité técnico de expertos. Pero o arquivo presentado pola empresa Construcciones y Proyectos Lorenzo S.L. non aparece asinado dixitalmente, polo que a Mesa acorda requirirle para que antes do 20 de xullo de 2018 ás 15.00 h remita o citado arquivo coa sinatura dixital conforme esixe o Prego. Esta proposta será admitida en caso de que se reciba en prazo o arquivo electrónico asinado e cuxo contido coincida co presentado.

A Mesa acordou admitir todas as demais propostas presentadas.


Sétimo.- Nomeamento de comité técnico.

A presidenta informa que a Mesa decidiu nomear un comité técnico de expertos para que emita un informe de valoración das propostas técnicas presentadas.

Este comité estará formado por dous arquitectos, Iago Fernández Blanco e Álvaro Touza Pol, e o responsable de servizos xerais do PTG, Antonio Gómez Méndez.

Sen mais asuntos que tratar, finalizada a reunión procédese á redacción da acta, á súa aprobación e sinatura.

Presidenta,



Sabela Bouzo Estévez

Secretaria,



Noemi Lorenzo Carbajales

Vogais,



Mª Luisa Pena Nieto



Rogelio Solarat López



Carlos Pérez Ramos



Beatriz González-Tejada Jácome